

Acta da Comisión Permanente do día 17 de xuño de 2020

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 17/06/2020.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 17/06/2020.
- III. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria
- IV. Solicitude de axuda para a organización de olimpíadas do saber na Universidade de Vigo no ano 2020

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13 horas e 02 minutos na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1 Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 21 de maio de 2020 e extraordinaria celebrada o 8 de xuño de 2020.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, as actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 21 de maio de 2020 e extraordinaria celebrada o 8 de xuño de 2020.

2 Informe da Presidenta.

A Presidenta comenta que nos próximos días teremos que decidir a organización do curso 20/21 co requisito de garantir unha distancia mínima de 1.5m entre persoas nas aulas. Isto condiciona a ocupación de espazos e a súa distribución para a organización das actividades formativas. Indica que enviará un e-mail explicando a situación e que, proximamente, se convocará unha Xunta de Escola ou Comisión Permanente para tratar este tema.

A continuación sinala os principais acordos do último Consello de Goberno da universidade, destacando os referentes ao documento *Medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente no curso 2020/2021 en caso de crise sanitaria*, que recolle as principais emendas propostas dende os centros como, por exemplo, a capacidade destes para organizar e plantexar as ensinanzas sen a imposición dunha docencia síncrona coa rotación do alumnado por semanas.

A Presidenta comenta que hoxe mesmo se recibiu a modificación do calendario escolar para o curso 2020/2021. O inicio para o primeiro curso é o 21 de setembro. Para o resto dos cursos é posible planificar algunha actividade formativa nas dúas semanas previas, pero aínda non está claro de que tipo.

Por último indica que xa se informou ao alumnado das modificacións aprobadas das guías docentes e aclara que as *addendas* están publicadas en DOCNET e cunha ligazón dende a páxina web do centro.

3 Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.

A Presidenta lembra que as defensas dos TFG se levarán a cabo a través de Campus Remoto e cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, que explica a proposta de tribunais (Anexo III). Señala que foi enviada previamente por email e que xa está confirmada a dispoñibilidade de todas as persoas que compoñen os tribunais.

Apróbase a proposta por asentimento.

4 Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.

Non se recibiu ningunha solicitude.

5 Aprobación, se procede, da solicitude de axuda para a organización de olimpíadas do saber na Universidade de Vigo.

A Presidenta comenta que en febreiro o centro colaborou coa *Sociedad Geológica Española* e a AEPECT (*Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Tierra*) na organización da Olimpíada de Xeoloxía. Coa alerta sanitaria os procedementos administrativos estiveron paralizados e agora abriuse o prazo para a presentación das solicitudes de axuda.

Aclara que no impreso de solicitude (ANEXO IV) se recolle a memoria xustificativa da actividade desenvolvida e que para solicitar esta a axuda de financiación é preciso o visto bo dun órgano colexiado do centro.

A Comisión aproba por asentimento a solicitude da axuda.

6 Rogos e preguntas.

Santiago Domínguez pregunta cando se poderán defender os TFG e TFM de forma presencial porque unha parte do alumnado non ve clara a defensa de xeito remoto. A Presidenta respóndelle que en xuño e xullo está claro que a defensa non pode ser presencial; en setembro é probable que si pero non se pode asegurar.



Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 15 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a dezasete de xuño de dous mil vinte.

Vº e Prace
A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 17/06/2020



ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 17/06/2020



Asistentes á Comisión Permanente do 17 de xuño de 2020
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
María Araújo Fernández
Profesorado
Fernando García Bastante
Alfonso Mandado Vázquez
Teresa Rivas Brea
Estudantes
Marta Caride Pérez
Santiago Domínguez Blanco
Belén Parente Artime
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez



ANEXO III

**Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa
nesta vindeira convocatoria**



ANEXO IV

Solicitud de axuda para a organización de olimpíadas do saber na Universidade de Vigo no ano 2020